

editorial

NÚMERO 10

Aquí está esta publicación, a segunda no presente curso, na que atoparedes a información relativa ós campionatos deportivos en marcha no Instituto. Pero tamén hai enquisas sobre os gustos e coñecementos das alumnas e alumnos en materia do deporte en xeral. A colaboración sempre amena e oportuna de Ramón Latas, que fai que un artigo de dúas páxinas sexa dixerible e ata nos pareza curtiño, e un estupendo relato de Noelia Romero, dan un toque de calidade a un Boletín que plasma fotográficamente as instantáneas do acontecer competitivo.

O BOLETIN DEPORTIVO EN INTERNET

A partir de agora vas poder visualizar esta revista na rede, podendo acceder a calquera artigo ou páxina que desexes. É un paso adiante dos moitos que o BOLETIN DEPORTIVO leva dados na súa xa dilatada historia. Para acceder a esta información non tes máis que introducir a páxina web: www.centros.edu.xunta.es/iesarmandocotarelo e ler aquilo que máis che interese.

ENTREVISTAS

As entrevistas con alumnas e alumnos do Instituto que destacan nalgunha modalidade deportiva, forman parte da temática do BOLETIN DEPORTIVO, para así coñecer os seus logros, pero tamén un pouco da súa vida e ocupacións. Nesta ocasión quero destacar a que lle facemos a María Caba, que continúa a serie das dedicadas a compañeiras da Atlético Arousana. Está realizada por Luisa e Carolina, as compañeiras de clase e de equipo. Estas tres alumnas merecen unha especial consideración por parte desta redacción, xa que levan participando e vivindo o deporte do Instituto durante varios anos. Gracias e moitos éxitos no clube e no persoal.